



En cumprimento do disposto no artigo 43.2º da Lei 16/2010, do 17 de decembro, esta Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio emite o preceptivo informe de legalidade sobre o **Proxecto de decreto polo que se aproba o Programa Estatístico Anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2017.**

A Administración autonómica ten atribuída a competencia exclusiva sobre as estatísticas para fins da Comunidade Autónoma, de acordo co artigo 27.6 do Estatuto de Autonomía, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril.

En desenvolvemento desta competencia estatutaria o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, que establece o marco legal básico de desenvolvemento sobre esta materia.

A aprobación da Lei 15/2016, do 28 de xullo, do Plan Galego de Estatística para o período 2017-2021 trae consigo a necesidade de articular o programa anual correspondente ao ano 2017, xa que é mediante estes programas como se leva a cabo o desenvolvemento do Plan.

O proxecto de decreto analizado ten por obxecto describir de maneira precisa as actividades estatísticas que se levarán a cabo e as metas de información que se van satisfacer durante o ano 2017, que se especifican en cinco anexos aos que se remite o seu articulado. O anexo V inclúe a relación entre os programas 2016 e 2017.

En canto á estrutura do proxecto de decreto, consta de cinco artigos, unha disposición adicional, dúas disposicións derradeiras e cinco anexos.

Logo da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2017.

O proxecto de decreto que se informa responde ás previsións contidas no marco xurídico analizado e, desde o informe do Servizo Técnico-Xurídico da fase inicial, na elaboración da disposición de referencia cumpríronse cos seguintes trámites:



- Publicouse no Portal de transparencia e Goberno aberto na páxina web da Xunta de Galicia.
- Emitiuse o informe económico-financeiro pola Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.
- Respecto do trámite de audiencia e/ou de información pública, non se precisa xa que se trata dun proxecto normativo relativo á función estatística para a anualidade 2017.
- Emitiuse informe pola Asesoría Xurídica da Consellería de Facenda.

De conformidade co artigo 46.2 da Lei 9/1988, que establece que o Consello Galego de Estatística será consultado sobre os proxectos de programas estatísticos anuais, o pleno do dito Consello, en sesión celebrada o día 28 de novembro de 2016, acordou informar favorablemente o proxecto de decreto.

Pola súa banda, o artigo 9 da Lei 9/1988 dispón que os programas estatísticos anuais sexan aprobados por decreto do Consello da Xunta de Galicia, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, na actualidade conselleiro de Facenda.

En consecuencia, esta Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio informa favorablemente o proxecto de decreto de referencia por estimar que queda garantida a súa legalidade.

Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2016

A secretaría xeral técnica e do Patrimonio



Maria del Socorro Martín Hierro